

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR NO PARLAMENTO O 18 DE NOVEMBRO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo que se aproba o escudo do concello de Ribadavia (Ourense).
- Decreto polo que se aproba a bandeira do concello de Ribadavia (Ourense).

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Ponteareas para a adquisición de terreo coa finalidade da creación dunha pista de atletismo, pista de tiro con arco e espazo de usos múltiples, por un importe total de trescentos mil euros (300.000,00 €).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADE E FP

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio entre a Axencia Galega de Innovación e a Asociación de Centros Tecnolóxicos de Galicia para fomentar a transferencia e internacionalización da I+D+i desenvolvida en Galicia, por importe de douscentos dez mil euros (210.000,00€), e se exige a presentación de garantías para os pagamentos anticipados e á conta establecidos no convenio.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación administrativa, suxeita a regulación harmonizada, polo procedemento aberto do servizo denominado Execución do Programa de capacitación dixital transversal da poboación de Galicia, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU. Tramitación anticipada do gasto. Importe total de licitación: 4.825.911,00 €. Valor estimado: 4.825.911,00 €.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón da resolución pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas galegas, para o ano 2025, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, tramitado como anticipo de gastos.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se aproba o convenio entre a Consellería de Mobilidade e Transformación Dixital da Xunta de Castilla y León, a Consellería de Economía, Emprego e Transformación Dixital da Xunta de Extremadura, o Departamento de Universidade, Innovación e Transformación Dixital da Administración da Comunidade Foral de Navarra, a Consellería de Innovación, Industria, Comercio e Turismo da Comunitat Valenciana, a Consellería de Economía, Facenda e Empresa da Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia, a Consellería de Presidencia, Interior, Diálogo Social e Simplificación Administrativa da Xunta de Andalucía e a Xunta de Galicia a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o fomento das competencias dixitais da sociedade.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado Glorieta na intersección da AC-862 coa AC-115 en Xuvia.
- Acordo polo que se toma razón da licitación por Xestur Galicia, S.A. do contrato de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción de 44 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes, rochos e locais nas parcelas MIIIB16 e MIIIB18 do PP de San Paio de Navia, Vigo (Pontevedra).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Baiona para a execución das obras da fase II da humanización da travesía interior de Sabarís: actuación no tramo da rúa Julián Valverde, desde o cruzamento coa rúa José Pereira Troncoso ata a rotonda da rúa Porta do Sol, por un importe total dun millón oitocentos dezaoito mil novecentos quince euros con cincuenta e oito céntimos (1.818.915,58 €), tramitado como anticipado de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación, polo procedemento negociado e tramitación anticipado de gasto, da subministración sucesiva da vacina fronte ao herpes zóster (SHINGRIX®), por un importe total de licitación de once millóns cincocentos corenta e sete mil seiscientos noventa e dous euros, con IVE (11.547.692,00 €) e un valor estimado de vinte e catro millóns catrocentos vinte e sete mil oitocentos dez euros, sen IVE (24.427.810,00 €), tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva e por prezo unitario de material sanitario vario: fundas, termometría e normotermia con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de licitación de catro millóns oitocentos setenta e sete mil oitenta e dous euros con cincuenta e seis céntimos (4.877.082,56 €) IVE incluído, e un valor estimado de sete millóns cincocentos vinte e tres mil oitocentos setenta e cinco euros con corenta e seis céntimos 7.523.875,46 €, tramitado como anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se lle autoriza á Axencia Galega das Industrias Culturais a realización de pagamentos anticipados ata o 80% da subvención concedida e a exoneración de constituír garantía para os pagamentos anticipados e á conta na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, á creación escénica e se convocan para o ano 2025, por importe de oitocentos setenta mil euros (870.000,00€), e tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se lle autoriza á Axencia Galega das Industrias Culturais a exoneración de constituír garantía para os pagamentos anticipados e á conta na Resolución pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a festivais do sector audiovisual realizados en Galicia e se convocan para o ano 2025, por importe de trescentos mil euros (300.000,00€), e tramitado como expediente anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para superar a porcentaxe en pagamentos anticipados, derivado da Orde pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e de empresas de inserción e se convocan para o ano 2025, por importe total de trescentos trinta mil euros (330.000,00 €), e tramitado como anticipado de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para eximir da constitución de garantías e superar a porcentaxe en pagamentos anticipados, derivados da Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para o apoio á consolidación das entidades da economía social de Galicia Bono consolida economía social e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2025, por un importe total de dous millóns setecentos trinta mil euros (2.730.000,00 €), e tramitado como anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón da programación dos mercados de produtos alimentarios galegos de calidade no tempo de Nadal.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a exención de garantías na realización de pagamentos á conta nas subvencións que se concedan ao abeiro da Orde pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2025 para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), para a restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante medidas de conservación no marco de actividades marisqueiras sustentables, tramitada como anticipada de gasto, por importe dun millón novecentos mil euros (1.900.000,00€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre a posta en marcha das actuacións de Augas de Galicia fronte aos riscos de inundación na bacía hidrográfica de Galicia-Costa.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADE E FP

- Informe sobre a certificación de competencias dixitais do alumnado de ensinanzas profesionais.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a próxima licitación da execución da obra de posta en valor da Ponte Sampaio.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o balance de contratación centralizada da Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre a evolución do Proxecto CRM100.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe anual sobre os recursos pesqueiros de interese para a frota galega en augas do Atlántico Norte e augas suroccidentais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS


A XUNTA APROBA NOVOS SÍMBOLOS HERÁLDICOS PARA O CONCELLO DE RIBADAVIA

- O Consello da Xunta deu o visto e praxe aos decretos polos que se aproban o escudo e a bandeira deste municipio ourensán
- O Goberno autonómico leva aprobados un total de 285 escudos e bandeiras das entidades locais de Galicia atendendo ás peticións dos concellos para adoptar os seus símbolos segundo o decreto que os regula

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos decretos polos que aproban o escudo e a bandeira do concello ourensán de Ribadavia, que xa recibiran informe favorable na reunión da Comisión de Heráldica do pasado 28 de outubro.

Este órgano consultivo da Xunta de Galicia, adscrito á consellería competente en materia de réxime local, é o encargado de emitir informes vinculantes de aprobación, modificación ou rehabilitación de escudos heráldicos e bandeiras das entidades locais galegas.

Segundo vén definido no decreto, no caso do Ribadavia a bandeira leva o pano azul e, ao centro, unha torre de branco flanqueada do sol e a lúa de amarelo.



No caso do escudo é de azur (azul) e sobre ondas de prata (branco), a ponte defendida de prata e, nos flancos, o sol e a lúa de ouro (amarelo). Ao timbre, a coroa real pechada.



O Goberno galego leva aprobados un total de 285 escudos e bandeiras das entidades locais de Galicia no seo da Comisión Heráldica da Xunta, tras a petición dos respectivos concellos de adoptar, modificar ou rehabilitar os seus símbolos, en aplicación do Decreto 19/2010, do 11 de febreiro, que os regula.

Os municipios e as demais entidades locais de Galicia poden adoptar escudos heráldicos e bandeiras propios e privativos, modificar os xa existentes ou rehabilitar os que

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

historicamente se empregasen, baseándose sempre en feitos históricos ou xeográficos característicos e peculiares do seu territorio e conforme as normativas de heráldica.

Ningunha entidade local de Galicia poderá utilizar escudo heráldico ou bandeira que non fosen aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, sen prexuízo daqueles que foron aprobados pola Administración do Estado con anterioridade á transferencia de competencias a favor da Comunidade Autónoma de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

XUNTA E CONCELLO DE PONTEAREAS POTENCIAN O TURISMO DEPORTIVO NA ZONA CUNHA NOVA INSTALACIÓN DE ATLETISMO E TIRO CON ARCO

Turismo de Galicia e o Goberno local asinarán un convenio para a construción dunha pista polideportiva que dinamizará a economía local e fortalecerá o tecido social

O Consello da Xunta de Galicia autorizou este luns a sinatura dun acordo de colaboración entre Turismo de Galicia e o Concello de Ponteareas para a construción de varias instalacións deportivas neste municipio pontevedrés que permitirán incrementar a potencialidade do concello para acoller e promover distintas competicións deportivas e favorecerá o interese de visitantes ao redor desta proposta turística.

Así, construíranse unha pista de atletismo, unha pista de tiro con arco e un espazo interdisciplinar que contribuirán á mellora da saúde pública da veciñanza e favorecerá o enriquecemento do contorno educativo. Ademais, dinamizará a economía local, permitirá o fortalecemento do tecido social e mellorará a infraestrutura da comunidade.

Segundo o acordo, o Concello adquirirá o terreo situado no lugar das Rabadeiras, na parroquia de Fontenla, que conta cunha extensión de terreo de 11.037 m². Alí construírase unha pista de atletismo de 200 m en forma ovalada con instalacións de salto de altura, martelo e pista recta de velocidade.

Ademais, albergará unha pista de tiro con arco e unha infraestrutura de usos múltiples onde se practicará tiro con arco interior combinado co ximnasio para a instalación, así coma os vestiarios acordes con este tipo de instalacións.

A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas achegando 300.000 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA A SÚA COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE CENTROS TECNOLÓXICOS PARA IMPULSAR A INTERNACIONALIZACIÓN DA I+D+i GALEGA

- A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional achega 210.000 euros para os anos 2024 e 2025
- O obxectivo é potenciar a alianza destes centros tecnolóxicos para incrementar a competitividade do tecido industrial e empresarial

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a un convenio entre o Goberno galego e a Asociación de Centros Tecnolóxicos de Galicia (Atiga) para fomentar a transferencia e a internacionalización da I+D+i galega para os anos 2024 e 2025. A través deste convenio de colaboración, que conta cun orzamento de 225.000 euros, a Xunta de Galicia busca impulsar o potencial dos centros tecnolóxicos e afianzar o seu traballo en beneficio do tecido empresarial e, por conseguinte, de toda a sociedade galega.

Con este acordo, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional potenciará a alianza dos centros tecnolóxicos de Galicia para contribuír a maximizar o valor achegado e incrementar a competitividade no ámbito industrial e empresarial a través da xeración de sinerxías. Así mesmo, o convenio favorecerá a excelencia na investigación, na transferencia de coñecemento e na valorización dos resultados de investigación.

A Axencia Galega de Innovación alcanzará un importe total de 210.000 euros, co obxectivo de fomentar a visibilidade e competitividade do sistema galego de I+D+i, activando a presenza de Atiga en redes tecnolóxicas europeas e a participación de empresas galegas nos proxectos dese ámbito. Promocionaranse, tamén, as tecnoloxías emerxentes e o potencial dos centros tecnolóxicos para axudar a innovar o tecido empresarial. O orzamento servirá, ademais, para consolidar e mellorar a fortaleza e competitividade dos centros tecnolóxicos galegos, analizando a súa especialización e concordancia coas tendencias europeas.

Estas actuacións enmárcanse na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, aliñándose cos seus principais retos e prioridades: impulsar a presenza internacional de Galicia no ámbito da I+D+i. Por iso, a Xunta de Galicia considera prioritario seguir identificando, en colaboración coa Atiga, proxectos concretos que permitan aproveitar as oportunidades que brinda esta estratexia.

A Axencia Galega de Innovación, agora dependente da Consellería de Ciencia, leva colaborando con esta asociación desde o ano 2015, achegando preto de 1,1M€ a este convenio de colaboración para o impulso da I+D+i galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA A POSTA EN MARCHA DUN NOVO PROGRAMA PARA MELLORAR AS COMPETENCIAS DIXITAIS DE 21.000 PERSOAS EN CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES

- Enmárcase nas medidas para lograr que “o 70% da poboación galega” teña capacidades dixitais básicas ou avanzadas no 2025
- Salienta que se destinarán 4,8 M€ a esta iniciativa que ten como obxectivo “reducir a fenda dixital”
- A formación, que se centrará no colectivo de persoas maiores, será totalmente gratuíta e realizarase en cada municipio, a través de aulas fixas ou aulas móbiles itinerantes
- O Consello tamén renova o convenio con Castela e León, Andalucía, Comunidad Valenciana, Extremadura, Navarra e Murcia para seguir colaborando no deseño de materiais e recursos para formación en habilidades dixitais
- Máis de 40.000 alumnos e 32.000 profesores xa teñen un certificado que acredita os seus coñecementos do eido dixital

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello “aproboou destinar 4,8 millóns de euros a un novo programa para formar en competencias dixitais a 21.000 veciños de municipios con menos de 20.000 habitantes”.

Esta iniciativa enmárcase no obxectivo da Xunta de lograr que “o 70% da poboación galega” teña capacidades dixitais básicas ou avanzadas no 2025, taxa que agora mesmo está no 64%. “Queremos reducir a fenda dixital e potenciar o coñecemento dixital que cada vez é mais necesario para pedir unha cita médica, facer un pago bancario ou realizar un trámite”, salientou Rueda.

Por iso, o Consello autorizou hoxe a licitación do contrato para o desenvolvemento dun novo programa de capacitación dixital transversal da poboación que se centrará especialmente nas persoas maiores. Financiado con fondos europeos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (NextGeneration-EU), desenvolverase durante o vindeiro ano e ata mediados do 2026 “de balde e forma presencial” en aulas fixas ou móbiles itinerantes.

Ademais das persoas maiores, as mulleres, a infancia e a mocidade son os outros sectores da poboación aos que está orientada esta proposta. Quérese proporcionar competencias dixitais básicas a nenos en idade escolar ou aos maiores de 65 anos, así como competencias dixitais avanzadas a persoas de entre 18 e 65 anos.

Empregabilidade e habilidades básicas

Este novo programa enmárcase na aposta da Xunta por potenciar actividades formativas para que a poboación mellore as súas competencias dixitais co obxectivo de mellorar a inserción laboral ou dotalas de habilidade básicas para o desempeño de labores que hoxe en día requiren de certo coñecemento do mundo dixital.

Nesta liña, cómpre lembrar que Galicia foi a primeira comunidade autónoma en adaptar a súa normativa ao Marco europeo, creando o Marco galego de competencias dixitais,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que acredita coñecementos en 21 competencias agrupadas en cinco áreas de dominio. As acreditacións fóronse implantando inicialmente no ámbito educativo e no sector público autonómico, e este ano convocáronse as primeiras probas para a cidadanía.

Ademais conta coa Rede CeMIT que en colaboración con outras entidades e voluntarios, ofrece formación de balde á cidadanía para mellorar as competencias dixitais e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia vén de poñer en marcha un programa formativo de carácter gratuíto e 100% en liña para facilitar a capacitación en competencias dixitais a máis de 45.000 persoas de entre 14 e 74 anos.

Nesta liña, o Consello aprobou renovar o convenio coas comunidades de Castela e León, Andalucía, Valencia, Navarra, Extremadura e Murcia para desenvolver contidos e compartir recursos orientados á capacitación dixital da sociedade. A colaboración, que se asinará proximamente, recolle o compromiso dos sete gobernos autonómicos de aglutinar esforzos e evitar duplicidades para facilitar o acceso de toda a cidadanía á acreditación en competencias dixitais.

O primeiro convenio, asinado en 2021, foi clave en Galicia para desenvolvemento da plataforma de certificación, así como para a elaboración dos contidos das probas para obter a acreditación en competencias dixitais. O novo acordo establece catro espazos de colaboración entre comunidades: un para coordinar temas relativos á autodiagnose das competencias dixitais; un segundo espazo centrado na formación; o terceiro para as cuestións relativas á certificación, e un cuarto espazo para colaborar na promoción e difusión das competencias dixitais a través o intercambio de boas prácticas, eventos ou actividades divulgativas.

Grazas ás distintas medidas postas en marcha, a previsión é que ao remate de 2024 Galicia terá acreditado as competencias dixitais de nivel básico e intermedio a máis de 49.000 persoas entre alumnado, empregados públicos e cidadanía.

Certificados no eido educativo

Galicia foi pioneira o curso pasado en acreditar as competencias dixitais do alumnado e do profesado da comunidade e o Consello hoxe fixo balance dos certificados expedidos ata agora.

Tal e como amosa o informe hoxe avaliado polo Executivo autonómico, preto de 21.000 alumnos de FP, ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño e ensinanzas de educación secundaria e bacharelato para persoas adultas xa teñen acreditadas as súas competencias dixitais grazas ao proceso pioneiro e propio, habilitado para tal fin pola Xunta de Galicia.

Trátase, en concreto, dun total de 20.686 alumnos, dos cales 17.732 son estudantes de ciclos de formación profesional, 2.807 de ensinanzas para persoas adultas e 147 de Artes Plásticas e Deseño. Por niveis, o 85,4% (17.667) obtivo o nivel intermedio de acreditación e o 14,6% (3.039) restante fíxoo no inicial. Todos eles recibirán de oficio a documentación acreditativa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas acreditacións nas mencionadas ensinanzas realízanse ao abeiro do mecanismo que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional puxo en marcha o pasado curso co obxectivo de que o alumnado perfeccione as súas destrezas dixitais a partir dos contidos obtidos no sistema educativo e, deste xeito, mellorar a súa inserción laboral. Ademais das persoas acreditadas no eido da FP, nestes momentos hai certificados un total de 19.366 alumnos de ESO e bacharelato e 32.693 docentes.

Galicia permite así, por primeira vez no Estado, que os seus alumnos accedan a estes certificados, denominados ComDix, desde o sistema educativo, posibilidade que xa teñen tamén os docentes ao abeiro do mecanismo habilitado pola Xunta para os profesionais do ensino. A acreditación da competencia dixital do alumnado pode obterse, ben de xeito automático ao titular nalgunha das ensinanzas ou etapas, ou ben a través dunha proba específica a través da cal se pode acadar un nivel superior ou completar o nivel acadado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PROMOVE O AFORRO DE 4,5M€ ANUAIS NA FACTURA DAS EMPRESAS GALEGAS QUE SOLICITEN A NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA

- O Consello da Xunta aproba as bases desta liña de axudas de carácter bianual que contará cun orzamento de 7,5 millóns de euros e que amplía o prazo de presentación de solicitudes de dous a oito meses
- Incorpora a posibilidade de subvencionar instalacións novas, así como aquelas actuacións que promovan paralelamente un certificado de aforro enerxético (CAE)
- Prevese a mobilización de 30 millóns de euros, aforros de 5,1M de litros de gasóleo anuais e a redución de emisións equivalente a plantar 825.000 árbores

O Consello da Xunta validou esta mañá unha nova convocatoria de axudas para promover o aforro e a eficiencia enerxética nas empresas galegas. A iniciativa, impulsada pola Consellería de Economía e Industria a través do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), está dotada con 7,5 millóns de euros, financiados a través dos fondos comunitarios do programa Feder Galicia 2021-2027.

As axudas están destinadas tanto a autónomos como a sociedades que teñan domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia. Tamén ás empresas de servizos enerxéticos. Todos eles se poderán beneficiar duns apoios que oscilan entre o 20 % e o 55 % segundo a norma de aplicación. A axuda máxima por expediente será dun millón de euros (agás no caso *de minimis*, que será de 300.000 euros), mentres que este importe ascende aos dous millóns de euros de apoio máximo por empresa beneficiaria.

Deste xeito, nas empresas con actividades de transformación e comercialización de produtos da pesca e a acuicultura, a contía da achega será do 35 % do custo elixible para grandes empresas, o 45 % para as medianas e o 55 % para as pequenas. No caso de proxectos destinados a medidas de eficiencia enerxética en edificios, as contías van do 20 % para grandes empresas, o 30 % para medianas e o 40 % para pequenas. E, no suposto de medidas de eficiencia enerxética distintas das dos edificios, a contía da subvención será do 35 % do custo subvencionable da actuación para grandes empresas, do 45 % para medianas e do 55 % para pequenas.

Esta orde de axudas ten carácter bianual para ofrecer unha maior flexibilidade ao tecido empresarial e o procedemento de concesión será o de concorrência non competitiva. Esta nova edición incorpora, ademais, unha ampliación do prazo de solicitude, que pasa de dous a oito meses co fin de facilitar o acceso a estes apoios. Outra das novidades é que se recolle de xeito explícito a posibilidade de subvencionar instalacións novas, así como a compatibilidade da axuda cos certificados de aforro enerxético (CAE).

Coa convocatoria aprobada hoxe polo Consello da Xunta prevese a mobilización de 30 millóns de euros, aforros de 5 millóns de litros ao ano de gasóleo, unha redución de emisións equivalente a plantar 825.000 árbores e a creación de máis de 100 postos de traballo directos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A convocatoria actual é a terceira cofinanciada pola Unión Europea a través do programa operativo Feder Galicia 2021-2027. Unha liña de axudas que o Inega leva impulsando desde hai 11 anos, cun orzamento total de 55,6 millóns de euros para apoiar 1.640 proxectos que permitiron a redución de emisións de CO₂ equivalente a plantar 6,7 millóns de árbores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA PARA EXECUTAR UNHA GLORIETA NA INTERSECCIÓN DA ESTRADA AC-862 COA AC-115 EN XUVIA, NO CONCELLO DE NEDA

- Esta actuación suporá un investimento autonómico de máis de 405.000 M€
- Trátase de reformar a intersección actual, con forma de T, nestas dúas vías autonómicas para aumentar a seguridade, a funcionalidade e a imaxe urbana da zona
- A rotonda incrementará a fluidez do tráfico, que actualmente está regulado por semáforos que permiten todos os xiros e provocan demoras na circulación
- A nova glorieta tamén facilitará a incorporación á estrada AC-862 desde un camiño estreito, mellorando así a visibilidade
- A previsión é convocar os actos expropiatorios no primeiro trimestre de 2025 para licitar e executar as obras ao longo do vindeiro ano

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de trazado para executar unha nova glorieta na intersección da estrada autonómica AC-862 coa AC-115 en Xuvia, no concello de Neda.

O investimento que o Goberno galego destinará a esta actuación de mellora da seguridade viaria ascenderá a máis de 405.000 euros e as obras contan cun prazo de execución de 5 meses.

A aprobación definitiva deste proxecto por parte do Executivo autonómico comporta tamén a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dun predio particular cunha superficie de 806 m².

A intervención que se vén de autorizar permitirá así a reforma da intersección entre as estradas AC-862 no seu punto quilométrico 7+280 de xeito aproximado, e a AC-115.

Neste momento a intersección existente, con forma de T e con todas as posibles opcións de xiro pola actual configuración dos semáforos, causa demoras na circulación. Ademais, neste cruzamento tamén hai unha incorporación dun camiño estreito á estrada AC-862, que pode ver mellorada a visibilidade.

Cómpre tamén destacar que os contornos do cruzamento actual condicionaron notoriamente as posibilidades de deseño da glorieta, dado que a definición xeométrica en planta vén marcada pola localización de edificacións con beirarrúa e pola posición dos eixes actuais das estradas.

Por iso, no proxecto deseñado polo Departamento de Infraestruturas da Xunta téñense en conta actuacións sobre as distintas vías da contorna. En concreto, definiuse a glorieta na AC-862 e AC115 cunha circunferencia de raio 16 metros no anel exterior da calzada, e 8 metros de diámetro no anel interior, que será de formigón cunha pequena zona verde interior.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Actuarase, ademais, nos treitos de acceso e saída da glorieta da AC-862 e AC-115, nos cales se realizarán adaptacións pola implantación da glorieta. O treito afectado da estrada AC-862 é entre os puntos quilométricos 7+204 e 7+418; o treito afectado da AC-115 é entre os puntos quilométricos 4+640 e 4+706.

Tamén se intervirá nos entroncamentos da vía local á glorieta, onde é especialmente relevante o enlace con seguridade do camiño que entronca actualmente con visibilidade deficiente na AC-862.

A nova glorieta

Dadas as características da actuación, unha das maiores dificultades é o correcto encaixe da glorieta en canto a pendente, así como da vía que conflúe nela. No proxecto autorizado hoxe polo Goberno galego definiuse para todas as vías descritas un trazado en alzado en que se realiza un axuste progresivo nos abanos de enlace coa glorieta.

Con esta intervención resólvese tamén a continuidade dunha beirarrúa accesible ao longo da AC-862, na súa marxe esquerda. Actualmente hai un treito sen beirarrúa, e esta situación resólvese coa obra que se vai executar, cunha nova beirarrúa de ancho mínimo 1,80 metros.

A configuración viaria proposta tamén permite a conformación dunha zona verde no entroncamento do camiño municipal. Finalmente, este trámite de información pública é necesario tamén para os efectos expropiatorios, xa que coa intervención se afecta un predio particular cunha superficie de 806 m².


A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas convocará o levantamento de actas previas das expropiacións no primeiro trimestre do 2025 para licitar e executar as obras ao longo do vindeiro ano.

Imaxes actuais da zona de intervención e planos das actuacións autorizadas hoxe:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS




Imaxe do cruzamento, desde a AC-862



Glorieta na intersección da AC-862 coa AC-115 en Xuvia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Implantación da nova glorieta e os novos firmes. Á dereita da imaxe vese a nova beirarrúa



Treito en que se propón habilitar a nova beirarrúa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á CONTRATACIÓN DA REDACCIÓN DE PROXECTOS PARA A CONSTRUCCIÓN DE 44 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN NAVIA, VIGO

- Autorízase a licitación da redacción dos proxectos e dirección de obra para dous edificios de 20 e 24 vivendas, con garaxes e rochos, na parcelas MIIIB16 e MIIIB18 do Plan parcial de San Paio de Navia, por un orzamento de máis de 411.000€
- Correspóndese coa cuarta licitación de proxectos para vivendas que se construírán no polígono 2 de San Paio de Navia, cuxas obras de urbanización están en fase de contratación, por preto de 16,4M€
- Con este novo contrato, a Xunta ten en marcha 700 vivendas de promoción pública na cidade de Vigo, tendo en conta as 359 que está a desenvolver no polígono 1 e 341 no polígono 2
- O Goberno galego segue a dar pasos para cumprir o reto da lexislatura de duplicar o parque público residencial con 4.000 novas vivendas

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación dun novo contrato de redacción de proxecto para a construción de 44 vivendas de promoción pública (VPP) no barrio de Navia, no concello de Vigo, por un orzamento de máis de 411.000 euros.

Esta nova licitación correspóndese co cuarto contrato de redacción dos proxectos básicos e de execución e dirección de obra para a construción de novas vivendas, garaxes, rochos e locais nas parcelas do polígono 2 de San Paio de Navia, cuxas obras de urbanización están en fase de contratación, por preto de 16,4M€.

Neste caso, proxéctanse 20 vivendas na parcela MIIIB16 e outras 24 na MIIIB18, con superficies de 675 e 785 m² respectivamente, ás cales se engaden ás 297 VPP que se construírán tamén noutras cinco parcelas do polígono 2, cuxa contratación de redacción de proxectos foron xa autorizadas polo Goberno galego.

Unha vez autorizada hoxe polo Executivo autonómico a licitación deste contrato, a Xunta licitarao nas vindeiras semanas.

Con este novo contrato, a Xunta ten en marcha 700 vivendas de promoción pública na cidade de Vigo, das cales 359 corresponden ao polígono 1 de San Paio de Navia e 341 vivendas de promoción pública no polígono 2.

Con este novo contrato, a Xunta segue avanzando no obxectivo de habilitar na cidade de Vigo 1.600 vivendas protexidas no barrio de Navia, distribuídas en tres polígonos: 733 no polígono 1, das cales 359 son vivendas de promoción pública; 719 neste polígono 2, das cales a maior parte serán de promoción pública, e coa previsión de executar outras 147 vivendas protexidas no polígono 3. Ademais, a Administración autonómica tamén investiu 24M€ na adquisición de solo.

O Goberno galego mantén o impulso na construción de vivenda de promoción pública nas grandes cidades e a súa área de influencia, e continúa traballando na

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estratexia de vivenda pública e protexida para duplicar nesta lexislatura o parque público ata chegar ás 8.000 vivendas e desenvolver solo para 20.000 vivendas protexidas e 5.000 vivendas libres.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE BAIONA PARA COMPLETAR A HUMANIZACIÓN DA TRAVESÍA INTERIOR DE SABARÍS, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1,8M€

- O Goberno galego financiará a nova actuación no municipio pontevedrés no tramo da rúa Julián Valverde, desde o cruce coa rúa José Pereira Troncoso ata a rotonda da rúa Porta do Sol
- O Concello asumirá a titularidade das rúas Julián Valverde e Porta do Sol, que se corresponden coa travesía do antigo trazado da estrada autonómica PO-552.
- O Goberno galego continúa traballando coas entidades locais no impulso de accións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio

O Goberno galego autorizou hoxe a sinatura do convenio co Concello de Baiona para executar as obras que completarán a humanización da travesía interior de Sabarís, que suporán un investimento autonómico de máis de 1,8M€.

Trátase da segunda fase das obras de humanización desta travesía interior do municipio pontevedrés, tras terse executadas as intervencións correspondentes ás fases 1 e 3, na rúa Julián Valverde e na rúa Porta do Sol e Areas.

A Xunta e o Concello asinaron no 2016 un convenio para a segunda fase que tivo que resolverse no ano 2020 ante a imposibilidade da entidade local de entón de por á disposición da Xunta os terreos necesarios para executar esta parte das obras obxecto deste convenio.

A Xunta, a través desta nova cooperación da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, financiará esta intervención, que permitirá executar as obras no tramo da rúa Julián Valverde, desde o cruce coa rúa José Pereira Troncoso ata a rotonda da rúa Porta do Sol.

Pola súa banda, o Concello de Baiona aprobará o proxecto da obra, realizará as xestións pertinentes para posibilitar a súa execución, contratará e executará as obras, e incorporará ao patrimonio público municipal as actuacións que se leven a cabo.

Neste acordo inclúese a aceptación por parte da entidade local da transferencia de todo o dominio público viario dun tramo da antiga estrada autonómica C-550 que a día de hoxe se corresponde coas rúas Julián Valverde e Porta do Sol. Este tramo da vía se identifica co das obras xa realizadas e as proxectadas para a humanización da travesía interior de Sabarís, e comprenden aproximadamente un total de 1.167 m, con inicio na rúa Julián Valverde, no punto quilométrico 13+070, e co final na Rúa Porta do Sol, á altura do punto 14+200.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En concreto, o convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico, permitirá intervir no tramo da rúa Julián Valverde desde o cruce coa rúa José Pereira Troncoso ata a rúa Porta do Sol. Nesta obra destacará a conexión coa ponte romana e as labores de limpeza e intervención sobre a mesma, que ademais estará controlada por persoal con competencias en restauración e arqueoloxía. Trátase así dunha actuación de humanización para a conexión coas anteriores fases, onde o espazo peonil cobra presenza, con intervencións de xardinería neses espazos.

O convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico, que permitirá acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as actuacións, producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2026.

Esta nova actuación en Baiona enmárcase na continuada colaboración do Goberno galego coas entidades locais para a execución de obras e outras actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 4,8 M€ NA COMPRA CENTRALIZADA DE MATERIAL SANITARIO PARA PROTECCIÓN DE EQUIPAMENTOS DE DIAGNÓSTICO E DE CONTROL DE TEMPERATURA CORPORAL

- Trátase da primeira compra centralizada deste tipo de material
- A licitación incorpora un aforro de 477.000 euros para os tres anos de vixencia do contrato

O Executivo galego autorizou hoxe a contratación da subministración sucesiva de material sanitario diverso, fundas, termometría e normotermia, con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde. O contrato recolle un importe de 4.877.082 euros por un período de tres anos. A compra abrangue produtos relacionados coa protección de equipamentos de diagnóstico e tratamento, así como coa medición, control e mantemento de temperatura corporal dos pacientes.

Con esta contratación, a primeira centralizada deste tipo de material, o Goberno galego garante a subministración destes produtos aos centros das sete áreas sanitarias galegas, tendo presente os principios de igualdade no acceso, equidade, calidade e sustentabilidade económica das prestacións.

Esta licitación centralizada que vén de aprobar o Executivo galego vai supor un aforro de 477.000 euros para os tres anos de vixencia do contrato.

O procedemento de adxudicación será aberto, co cal se garantirá a libre concorrancia das empresas do sector que dispoñan dos medios para a realización desta subministración.

Entre as prestacións obxecto do contrato está a asistencia técnica do equipamento vinculado ao material funxible, nun prazo máximo de 48 horas, e a formación continuada para os profesionais do Servizo Galego de Saúde.

Entre o material que se subministrará están fundas para raios x, para microscopios, para ecógrafos, para sondas ecográficas ou para sondas de temperatura, así como termómetros dixitais e de infravermellos, mantas térmicas intraoperatorias ou sistemas intravasculares de redución de temperatura corporal.

O contrato autorizado hoxe polo Consello da Xunta prevé a posibilidade de prórroga por un período de dous anos máis e un valor estimado, neste caso, de 7,5 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 11,5 M€ NA SUBMINISTRACIÓN DA VACINA FRONTE AO HERPES ZÓSTER, UNHA ENFERMIDADE QUE AFECTA A 11.000 PERSOAS CADA ANO

- A vacinación está indicada para as persoas cando cumpren 65 e 80 anos, ademais de determinados grupos de risco
- O pasado ano foron vacinadas máis de 13.000 persoas e neste 2024 xa se superan as 28.000 persoas inmunizadas
- A Consellería de Sanidade envía mensaxes SMS nas que ofrece a protección fronte ao herpes zóster e indica como solicitar cita
- Esta enfermidade ten unha baixa mortalidade pero pode ocasionar ampolas, formigueo, ardor e discapacidade e diminución da calidade de vida

O Consello da Xunta autorizou a contratación da subministración da vacina fronte ao herpes zóster por un importe de 11.547.692 euros para 12 meses, que abranguen desde febreiro de 2025 a febreiro de 2026. A Consellería de Sanidade ten contabilizados máis de 83.000 casos diagnosticados desta enfermidade, dos que 11.004 se corresponden a 2023.

Galicia incorporou o pasado ano a protección fronte a este virus para as persoas con 65 e con 80 anos, ademais de novos grupos de risco. Así, no ano 2023 destináronse 5,3 millóns de euros á vacinación de máis de 13.000 persoas e, ata o mes de outubro de 2024, xa se conseguiu inmunizar máis do dobre, unhas 28.000 persoas, cun custo de 9,6 millóns.

O herpes zóster é unha enfermidade producida polo virus varicela zóster, de baixa mortalidade pero moi prevalente, especialmente a partir dos 50 anos. Ademais, aumenta a súa incidencia de maneira considerable con inmunodepresión e certas condicións de risco como a infección por VIH, con enfermidades do sangue malignas ou persoas con tumores sólidos en tratamento con quimioterapia.

Os seus síntomas máis comúns son manchas vermellas, ampolas, formigueo, ardor ou dificultade para mover algúns músculos da cara. Unha vez que a erupción sandou pode quedar dor do nervio, o que se coñece como neuralxia postherpética e que é unha complicación que pode ocasionar discapacidade e diminución da calidade de vida. Polo tanto, a enfermidade constitúe un importante problema de saúde e de carga para a sociedade.

A súa incidencia é máis habitual en mulleres, en 2023 en Galicia diagnosticáronse 6.527 casos, fronte aos 4.477 casos en homes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Chamamento á poboación diana

A Consellería de Sanidade informa periodicamente e de forma proactiva -vía SMS-, ás persoas que cumpren 65 e 80 anos, é dicir, no caso deste ano 2024, ás nadas nos anos 1959 e 1944, respectivamente.

Nas mensaxes da inclusión da vacina do herpes zóster no calendario de vacinación ao longo de toda a vida indícase como pedir cita a través da app Sergas Móbil, da web do Servizo Galego de Saúde ou ben desde o propio centro de atención primaria.

Ademais facilítase unha ligazón con máis información sobre a enfermidade, xa que calquera persoa que tivera a varicela pode desenvolver herpes zóster.

A maiores, os servizos de medicina preventiva e de distintas especialidades hospitalarias aconsellan a vacinación ás persoas de grupos de risco.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS SUBVENCIONS DA XUNTA Á CREACIÓN ESCÉNICA INCREMENTAN O SEU ORZAMENTO NUN 8,7%

- Destínanse 870.000 euros á produción de novos espectáculos galegos de teatro, danza, circo e maxia, reforzando a modalidade para proxectos plurianuais de compañías consolidadas
- Apróbanse as bases da súa convocatoria para 2025

O Consello da Xunta deulles o visto e praxe ás bases da convocatoria de 2025 de subvencións da Axencia Galega das Industrias Culturais á creación escénica, que experimentan un incremento do 8,7% na súa dotación respecto a 2024 e se sitúan nos 870.000 euros. Este importe investirase na produción de novos espectáculos de teatro, danza, circo e maxia por parte de compañías profesionais galegas, con especial incidencia no apoio aos proxectos plurianuais de empresas xa consolidadas.

Así, a modalidade cuarta destas axudas contará con 300.000 euros, 100.000 máis que en 2024, para potenciar o traballo a medio prazo e a continuidade dos equipos e proxectos de compañías cunha traxectoria de, cando menos, 10 anos e unha solidez acreditada. Poderán subvencionarse ata tres proxectos para o trienio 2025-2027, un máis que na convocatoria anterior, cun máximo de 100.000 euros cada un e un límite do 80% sobre o orzamento subvencionable.

En canto á categoría para produción de teatro, circo e maxia, resérvanse 400.000 euros para apoiar novas propostas, que poden acadar axudas de ata un 75% do seu orzamento, cun límite de 60.000 euros por espectáculo. Outros 100.000 euros están destinados a montaxes de danza e artes do movemento, tamén ata o 75% e cun máximo fixado en 37.500 euros. Para os proxectos de empresas de nova creación, a convocatoria reserva unha partida de 70.000 euros cun límite de 20.000 por adxudicación e ata un apoio máximo do 90% sobre o orzamento presentado.

A de creación escénica é a principal das liñas de subvención da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ao sector galego das artes escénicas, que en 2025 tamén contará, entre outras, con convocatorias específicas para a programación das salas privadas, a organización de festivais, a distribución de espectáculos e a contratación de compañías galegas mediante o programa Cultura no Camiño.

A través delas, en 2024 adxudicáronse os 800.000 euros convocados a 29 compañías escénicas galegas para a creación e produción de novas montaxes que integran xa a oferta cultural da nosa comunidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONTRIBÚE CON 300.000 EUROS Á CONSOLIDACIÓN DO CIRCUÍTO GALEGO DE FESTIVAIS AUDIOVISUAIS

Apróbase a próxima convocatoria de subvencións para a organización deste tipo de certames, que manteñen a súa dotación tras o seu incremento do 33% en 2024

O circuítio galego de festivais audiovisuais contará en 2025 cun investimento autonómico de 300.000 euros, canalizado a través das subvencións da Axencia Galega das Industrias Culturais para a organización profesional deste tipo de certames por parte de entidades privadas ou das administracións locais. O Consello da Xunta deulles luz verde ás bases da súa próxima convocatoria coa mesma dotación que en 2024, ano en que experimentou un incremento do 33%.

O Goberno galego mantén desde 2014 esta liña anual de axudas, en concorrència competitiva, que desde entón foi incrementando progresivamente o seu orzamento en recoñecemento ao valor estratéxico destes certames para o seu sector e para o conxunto das industrias culturais. De feito, Galicia conta cun amplo e diverso circuítio de festivais audiovisuais, do cal dan conta as 10 mostras subvencionadas este ano.

A convocatoria diríxese tanto a persoas físicas e xurídicas privadas como a entidades locais á fronte de festivais realizados entre o 1 de novembro de 2024 e o 31 de outubro de 2025, sempre que teñan unha duración mínima de catro xornadas e, cando menos, 20 proxeccións, ademais de ter realizado un mínimo de tres edicións consecutivas nos anos inmediatamente anteriores. Así mesmo, e entre outros requisitos, a proposta de programación dos eventos debe conter o cinco por cento de títulos ou cinco sesións de produción cinematográfica e/ou dirección galegas.

Ata 50.000 euros por certame

Establécese unha achega máxima de 50.000 euros por proxecto, cun límite do 30% do orzamento subvencionable cando a solicitante sexa unha entidade local e do 50% se é unha entidade privada. Esta porcentaxe ascende ao 75% no caso das entidades locais conxuntas ou resultantes de fusión.

Estas axudas insírense no programa anual de subvencións ao sector que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude xestiona e que abrangue as diferentes fases do proceso audiovisual. Así, en 2024 foron nove as liñas convocadas cunha dotación conxunta de preto de 6,7 millóns de euros para apoiar desde o xermolo dos proxectos ata a súa chegada ás pantallas, pasando pola produción, rodaxe, difusión ou comercialización.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 3 M€ A DÚAS LIÑAS DE IMPULSO ÁS ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DA ECONOMÍA SOCIAL COMO MOTORES DE CRECEMENTO SUSTENTABLE NO TERRITORIO

- O Consello da Xunta autorizou unha nova edición do Bono Consolida, dotado en 2025 con 2,73M€ coa previsión de beneficiar 200 entidades, e un programa que destinará 330.000 euros para gastos de funcionamento das entidades asociativas deste sector
- O Bono Consolida busca apoiar a transformación dixital, a eficiencia enerxética e a competitividade de cooperativas, sociedades laborais, empresas de inserción e centros especiais, reforzando a súa presenza no tecido económico de Galicia
- A outra liña aprobada hoxe incorpora novos criterios de puntuación para valorar a realización de iniciativas emprendedoras no rural ou destinadas a mulleres e mozos
- A través destes apoios, a Administración autonómica busca seguir contribuíndo ao pulo da actividade económica destas fórmulas de negocio, incrementando a súa competitividade e mantendo empregos de calidade
- En total, o Goberno autonómico investirá en 2025 44,8M€ en actuacións encamiñadas a favorecer o eido da economía social e do cooperativismo na nosa comunidade, o que supón un 2,8% máis que no exercicio anterior

O Consello da Xunta autorizou hoxe dúas liñas de apoios por un valor total de máis de 3 millóns de euros para seguir impulsando en 2025 a economía social, a través dunha nova convocatoria do Bono Consolida -orientado a que sociedades cooperativas, sociedades laborais, empresas de inserción e centros especiais de emprego poidan avanzar na súa transformación dixital e ecolóxica-, e un programa con axudas específicas para colaborar cos gastos de funcionamento das entidades máis representativas do sector.

A través de ambas as liñas, dotadas, respectivamente, con 2,73M€ e 0,33M€, o Executivo galego busca contribuír ao impulso da actividade económica destas fórmulas de negocio, incrementando a súa competitividade e mantendo empregos inclusivos e de calidade, vencellados ao territorio, e favorecendo un crecemento sustentable.

Unha folla de ruta que a Xunta continuará reforzando o vindeiro ano, consignando ata 44,8M€ nos orzamentos de 2025 a actuacións encamiñadas a favorecer a economía social e o cooperativismo na nosa comunidade, o que supón un 2,8% máis que no exercicio anterior.

Ademais, a Xunta de Galicia está a impulsar a nova Lei de cooperativas, para facilitar a creación de novas entidades, estimular a súa presenza en todos os sectores e axudar a que as existentes avancen na súa profesionalización e dixitalización. Trátase de adaptar o actual marco regulador -que data de 1998- ao novo contexto socioeconómico, e de dar impulso a este modelo contando cos axentes implicados, dotando as cooperativas de ferramentas e métodos organizativos para mellorar a súa xestión diaria. Todo isto coa II Estratexia galega da economía social en marcha, coa cal se pretende crear 4.000 novos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

postos de traballo baixo o paraugas desta modalidade de negocio e constituír ata 400 novas entidades.

Nova edición do Bono Consolida

O Bono Consolida, dotado en 2025 con 2,73M€, ten como finalidade apoiar a consolidación das entidades da economía social, así como reforzar a súa presenza no tecido económico de Galicia, con especial incidencia na transformación dixital e na mellora da eficiencia enerxética, contribuíndo ao impulso da súa actividade económica, incrementando a súa competitividade e, en definitiva, mantendo empregos inclusivos e de calidade.

Con achegas o vindeiro ano de ata 30.000 euros por entidade e unha intensidade da axuda do 80% do custo subvencionable, financiaranse, entre outras actuacións, investimentos realizados entre o 1 de novembro de 2024 e o 31 de outubro de 2025 en equipamento informático, software, márketing, eficiencia enerxética, elementos de transporte, formación para os socios afiliados ao réxime de traballo autónomo (Reta) ou reformas que se realicen en calquera instalación do centro de traballo.

Poden ser beneficiarias destes apoios sociedades cooperativas e laborais, empresas de inserción e centros especiais de emprego que estean rexistrados e acrediten unha antigüidade mínima de 42 meses. O prazo de presentación de solicitudes será de dous meses contados a partir do oitavo día hábil seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, prevista para principios de ano. Estas axudas, que se convocan desde o ano 2021, xa beneficiaron este ano preto de 160 entidades, coa previsión de acadar as 200 solicitudes concedidas de cara a 2025.

Apoio ao asociacionismo

A outra liña de apoio aprobada hoxe polo Consello da Xunta está destinada a colaborar nos gastos de funcionamento das entidades asociativas que representan esta fórmula. O reto desta iniciativa é facer efectiva a promoción das organizacións representativas das entidades que forman parte da economía social.

Este programa conta con dúas liñas de financiamento. A primeira, con 230.000 euros, vai dirixida ao fomento e á consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais. A segunda, con 100.000 euros, está destinada ás asociacións de centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral. En ambos os dous casos apóianse parcialmente (ata o 90%) os seus gastos de funcionamento. Ademais, como novidade, este ano introdúcese novos criterios de puntuación, valorándose a realización de iniciativas no ámbito do emprendemento na economía social - especialmente o vencellado ao rural, ás mulleres e á mocidade- así como actividades innovadoras e sustentables.

Con todas estas medidas, o Goberno autonómico quere contribuír a consolidar e reforzar a economía social como motor de crecemento económico sustentable, que crea emprego de calidade, integrador e asentado no territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MEDIO RURAL PROMOCIONA O SELO ARTESANÍA ALIMENTARIA CUN MERCADO DE NADAL EN CADA PROVINCIA GALEGA

- A iniciativa promovida pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria desenvolverase en Vigo entre o 22 e o 24 de novembro; en Ribadavia do 6 ao 8 de decembro; en Lugo do 13 ao 15 de decembro, e en Santiago de Compostela entre o 20 e o 22 de decembro
- As expositoras serán pequenas empresas que elaboran e comercializan produtos como queixos, xeados, mel, embutidos e outros derivados cárnicos, marmeladas e outras conservas vexetais, cervexas, sidra, aceite de oliva, chocolate e derivados do cacao, entre outros produtos
- Estas accións, cun custo total de arredor de medio millón de euros, enmárcanse no Plan Saborea calidade diferenciada de Galicia, que anunciou a propia conselleira do Medio Rural na súa comparecencia no Parlamento para presentar o orzamento do seu departamento para 2025

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria, adscrita á Consellería do Medio Rural, vai organizar entre o que resta de novembro e boa parte do mes de decembro un total de catro mercados de Nadal, un en cada unha das provincias, para potenciar o selo Artesanía Alimentaria.

En concreto, esta iniciativa desenvolverase en Vigo entre o 22 e o 24 de novembro; en Ribadavia do 6 ao 8 de decembro; en Lugo do 13 ao 15 de decembro, e en Santiago de Compostela entre o 20 e o 22 de decembro. Polo tanto, todos os mercados abrirán as súas portas na fin de semana, arrincando os venres e rematando na tarde do domingo, das 11.00 ás 14.30 horas e das 16.30 ás 20.30 horas.

O obxectivo fundamental desta acción de promoción é pór en valor este indicativo de calidade, polo que as expositoras serán pequenas empresas que elaboran e comercializan produtos acollidos a este selo dos diferentes sectores para os cales se conta coa correspondente norma técnica. Así, estarán presentes queixos, xeados, mel, embutidos e outros derivados cárnicos, marmeladas e outras conservas vexetais, cervexas, sidra, aceite de oliva, chocolate e derivados do cacao, entre outros produtos.

Estes mercados póñense en marcha nas semanas previas ao Nadal porque estas datas son un bo momento para facer actividades de promoción dos produtos alimentarios e, nomeadamente, dos de calidade, xa que hai un maior consumo e a cidadanía está disposta a facer un maior esforzo económico na cesta da compra para celebrar as festas. Por iso, considérase que a organización de mercados en lugares con boa concorrência de persoas consumidoras e onde estas poidan mercar sen intermediarios estes produtos é unha moi boa opción.

Estas accións, que terán un custo en conxunto de arredor de medio millón de euros, enmárcanse no Plan Saborea calidade diferenciada de Galicia, que anunciou a propia conselleira do Medio Rural na súa comparecencia no Parlamento para presentar o orzamento do seu departamento de cara ao ano 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Liña estratéxica

Unha das liñas estratéxicas de actuación da Consellería do Medio Rural é a promoción dos produtos alimentarios de calidade, que son moitos e moi variados en Galicia. As especiais e moi diversas condicións naturais da nosa terra e do noso mar, xunto co saber facer secular dos nosos produtores e produtoras, ten dado lugar a unha riquísima gastronomía, moi apreciada mesmo fóra de Galicia. Así, no resto de España, Galicia, cando de alimentos se trata, é sinónimo de calidade, e a nosa gastronomía é un dos principais argumentos para atraer visitantes, tanto nacionais como internacionais.

Para a organización destes mercados, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria conta cunha ampla experiencia previa, especialmente desde o ano pasado, tanto no Nadal (cun mercado celebrado naqueles días previos ás festas na cidade de Lugo) como noutras localizacións e datas.

Este tipo de mercados é unha das principais vías de promoción directa das producións de calidade diferenciada de Galicia, un traballo que se desenvolve tamén en multitude de feiras e eventos sectoriais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA BUSCA A SIMPLIFICACIÓN DAS AXUDAS DE RESTAURACIÓN DA BIODIVERSIDADE DOS ECOSISTEMAS MARIÑOS DO FEMPA, DOTADAS CON 1,9M€

- As entidades beneficiarias xa non terán que presentar o aval como garantía dos pagamentos á conta, de forma que o proceso administrativo que regula o cobramento destas achegas será máis sinxelo, rápido e eficaz
- O obxectivo destas subvencións, correspondentes á convocatoria de 2025, é obter unha mellor xestión ou conservación dos recursos biolóxicos, ademais de reducir a contaminación física e química, co fin de protexer e conservar a flora e a fauna, eliminando especies invasoras
- Serán destinatarios destas achegas as confrarías de pescadores e as federacións destas, organizacións de produtores pesqueiros, e entidades asociativas xuridicamente recoñecidas ou sen ánimo de lucro integradas por profesionais do mar

O Consello da Xunta deu conta hoxe do proxecto de acordo polo que se autoriza a exención de garantías na realización de pagamentos á conta nas subvencións que se concedan ao abeiro da Orde da Consellería do Mar pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2025, en réxime de concorrência competitiva, as axudas financiadas polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) para a restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante medidas de conservación no marco de actividades marisqueiras sustentables. En total, 1,9 millóns de euros que serán distribuídos en dúas anualidades: 1 millón o vindeiro ano e, os 900.000 euros restantes, en 2026.

Deste xeito, estes profesionais xa non terán que presentar o aval como garantía dos pagamentos á conta, de forma que o proceso administrativo que regula o cobramento destas achegas será máis sinxelo, rápido e eficaz. As subvencións están destinadas a promover a elaboración e o desenvolvemento de proxectos que teñan por finalidade recuperar hábitats mariños e costeiros en favor de poboacións de especies de interese marisqueiro ou que contribúan a unha mellor xestión ou conservación dos recursos biolóxicos mariños, incluídas as actividades destinadas á redución da contaminación física e química. Trátase, en definitiva, de protexer e conservar a flora e a fauna, e as actuacións destinadas a previr, controlar ou eliminar especies exóticas invasoras que poñen en perigo a conservación destes ecosistemas e afectan a reprodución dos organismos mariños.

Destinatarios e proxectos

Os beneficiarios das axudas serán as confrarías de pescadores, as organizacións de produtores, as cooperativas do mar, as asociacións de profesionais do sector e as demais entidades asociativas xuridicamente recoñecidas e constituídas por profesionais do sector, sempre que sexan entidades titulares de plans de marisqueo en réxime de coxestión e teñan a sede social en Galicia.

Deste xeito, serán subvencionables as seguintes actuacións: redacción do proxecto técnico; contratación de empresas ou profesionais que realicen accións como limpeza,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

remoción ou emendas do substrato; dragaxes, achegas ou traslados dos conglomerados; eliminación de obstáculos que modifiquen as correntes; prevención, control e eliminación de especies exóticas invasoras; rareos, traslados ou sementeiras de especies marisqueiras, etc.; adquisición de equipamentos e material necesario para desenvolver as accións descritas no punto anterior, ou obtención de semente de especies marisqueiras autóctonas para zonas onde se teña constatado un fallo, polo menos no penúltimo ano. Esta semente deberá proceder exclusivamente de criadeiro.

75.000 euros por proxecto

A porcentaxe máxima das axudas poderá acadar o 100% do investimento subvencionable en cada unha das accións e o importe máximo por proxecto será de 75.000 euros (sen IVE). A finalidade principal desta iniciativa consiste en impulsar e pór en valor a actividade marisqueira para mellorar a súa competitividade e asegurar o uso óptimo dos fondos provenientes do FEMPA en Galicia, de tal xeito que se dea cumprimento á normativa europea de cara a unha práctica pesqueira sustentable e respectuosa co ambiente.

Tal é así que o incremento dos investimentos ligados ás axudas deste fondo europeo redundará nunha maior creación de emprego e oportunidades laborais, no marco da economía azul, contribuíndo, en consecuencia, a un aumento do PIB de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA MOBILIZARÁ O ANO QUE VÉN MÁIS DE 35 M€ NA PLANIFICACIÓN E POSTA EN MARCHA DE ACTUACIÓNS FRONTE AOS RISCOS DE INUNDACIÓN NA BACÍA GALICIA-COSTA

- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, salienta a importancia da “planificación para atallar os riscos” derivados dos eventos meteorolóxicos adversos
- O presidente destaca que para prever asolagamentos, Galicia conta cun “pioneiro sistema de alertas temperás” e unha rede de medidores do caudal dos ríos que se duplicou nos últimos meses ata chegar a preto dun cento
- Nas áreas con risco potencial significativo de inundación, a Xunta está a executar obras e medidas de protección específicas por un importe de preto de 11 M€ e planifica novos proxectos da man dos concellos cun custo estimado en 20 M€
- No apartado da restauración cómpre destacar os 2,7 M€ para labores de conservación fluvial e a aposta pola creación de áreas de inundación controladas en zonas urbanas, espazos deseñados para reter grandes cantidades de auga en casos de chuvia intensa e con capacidade para integrarse en futuros corredores verdes

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno autonómico ten reservados nos orzamentos de 2025 “máis de 35 millóns de euros para planificar e poñer en marcha” diferentes medidas para facer fronte aos riscos de inundación dentro do ámbito da bacía hidrográfica de Galicia-Costa.

O obxectivo, tal e como explicou, é que a comunidade “esteá preparada para actuar” ante os eventos adversos da meteoroloxía e lembrou que Galicia leva anos traballando para “prever e minimizar os riscos de inundacións”. Na mesma liña, a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, resaltou a importancia “da planificación para atallar” os posibles impactos deste fenómeno e garantir que “na terra dos mil ríos, os ríos non sexan un obstáculo”.

O Consello avaliou hoxe un informe onde Augas de Galicia expón a súa estratexia ante os riscos de inundacións, cun paquete de actuacións que abranguen medidas preventivas para evitar ou minimizar os asolagamentos, accións destinadas a protexer as áreas máis sensibles ás inundacións e traballos de restauración ecolóxica e conservación tanto nas canles como nos contornos fluviais co mesmo fin.

No apartado preventivo, Augas apóiase no modelo Merlín, un sistema “pioneiro de alerta temperá de riscos” de inundación en Galicia-Costa que desenvolveu en colaboración coa Universidade da Coruña, segundo explicou Rueda. Grazas a esta ferramenta “pódese prever a 3 días vista o posible desbordamento dos ríos” na bacía autonómica con base nas predicións de MeteoGalicia e da Aemet —entre outros datos— e “establecer as correspondentes alertas” hidrolóxicas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Co mesmo obxectivo —anticiparse a posibles episodios de enchentes— o organismo hidráulico tamén dispón dunha completa rede de medición de caudais que permite coñecer os niveis dos ríos principais en tempo real. “O sistema de medición de caudais de Galicia-Costa duplicouse nos últimos meses ata chegar ás 95 estacións de control”, indicou o presidente, cun investimento de 0,7 millóns de euros anuais por parte da Xunta para garantir o seu bo funcionamento.

Ademais, tal e como explicou a conselleira, para consolidar Galicia como un territorio máis preparado para afrontar os riscos derivados das inundacións, “seguirase apostando pola divulgación (cun orzamento de 0,7 millóns en 2025) a través da sinalización das áreas de risco e do desenvolvemento de actividades educativas en centros escolares ou campañas de comunicación”.

Como novidade, propónse tamén a creación de corredores fluviais verdes co fin de empregar a vexetación de ribeira para reducir o risco potencial de inundación en zonas sensibles. A idea é manter e reforzar a vexetación propia destas áreas, medida que fai que en caso de avenidas as canles se manteñan estables e non leven terra cara ás desembocaduras, e ademais, habilitar accesos peonís que permitan que a súa conservación sexa máis sinxela.

En materia de protección, precisamente, as accións de Augas de Galicia céntranse naqueles puntos máis vulnerables a episodios de chuvias intensas, é dicir, nas áreas de risco potencial e significativo de inundación (ARPSI). O organismo hidráulico ten en execución ou practicamente rematadas unha serie de obras que buscan proporcionar máis espazo aos ríos ou ben renaturalizar os seus contornos nos concellos de Valga, Oia, Carballo e Catoira, cun investimento de case 11 millóns de euros.

A estas actuacións xa en marcha sumaranse, segundo informou a conselleira, outras novas localizadas nestas e en ARPSI diferentes de Galicia-Costa ao seu paso polos “municipios de Viveiro, Ponteceso, Neda, Sada ou Padrón”. Cun custo total estimado en preto de 20 millóns de euros, Augas de Galicia ultima os acordos que garantirán a licitación e execución destes traballos en colaboración cos respectivos concellos, que tamén teñen competencias na materia.

Plan de conservación e mantemento fluvial

Por último, no apartado de restauración fluvial, cómpre destacar o labor continuado que realiza o organismo hidráulico autonómico e que se traducirá o ano que vén en 2,7 millóns de euros destinados a realizar traballos de conservación e mantemento fóra do ámbito urbano e primando aquelas áreas cun risco potencial de inundación.

A responsabilidade de manter os espazos fluviais en condicións axeitadas é compartida coas administracións locais, polo que a Xunta foi pioneira en facilitarlles o seu labor ao autorizar este tipo de traballos mediante unha simple declaración responsable.

Así mesmo, no caso de cidades e ámbitos máis urbanos, o obxectivo non é só reducir a ameaza de posibles desbordeamentos, senón que as actuacións que se van realizar

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

estean integradas co contorno. Neste sentido, Augas de Galicia aposta pola creación de áreas de inundación controladas, unha fórmula aplicada con éxito noutras comunidades e que consiste en habilitar espazos capaces de reter grandes cantidades de auga en caso de chuvia intensa e cun valor ambiental que lles permite tamén integrarse en futuros espazos verdes.

Nova planificación 2028-2033

Todas estas medidas no eido da prevención, protección e restauración veñen marcadas e definidas por un traballo de planificación previo, que se revisa e actualiza cada seis anos. Así, tal e como explicou Rueda, o actual Plan de xestión do risco de inundación (PXRI) 2021-2027 da demarcación Galicia-Costa identifica "un total de 198 áreas con risco potencial significativo de inundación fluviais (170) e costeiras (28), das que 47 están consideradas de risco elevado".

Esas zonas repártense en catro grupos, segundo o nivel de risco, e no cuarto inclúense os casos máis graves, que son nos que está a actuar Augas de Galicia da man dos concellos. A conselleira explicou que xa se está traballando no vindeiro Plan, que elevará a "172 as áreas de risco e pasará de 548 quilómetros a 566".

Cómpre lembrar que o actual Plan de xestión do risco de inundación é o resultado dun exhaustivo estudo en tres fases, que se teñen que repetir ciclicamente, das zonas máis sensibles a episodios de intensas choivas dentro de Galicia-Costa. A primeira consiste en determinar as áreas do territorio cun risco potencial significativo de inundación, é dicir, nas cales ese risco se considera probable.

O segundo paso é a elaboración de mapas de perigosidade e risco de inundación, nos cales se establece o posible alcance deses asolagamentos atendendo a distintos escenarios ao tempo que se fai unha relación dos elementos susceptibles de verse afectados por eles, como poden ser, entre outros, a poboación, actividades económicas e industriais, zonas protexidas, monumentos, colexios ou hospitais. Na última e definitiva fase elabórase o propio plan, que define as liñas básicas para previr e minimizar os riscos.

Trátase dun traballo continuo e que require dunha constante actualización como demostra o feito de que a Xunta, ao tempo que traballa na execución do PXRI 2021-2027, xa iniciou hai varios meses a tramitación de cara á elaboración do seguinte plan de xestión, que marcará a folia de ruta a seguir neste eido durante o período 2028-2033.

Así, o pasado mes de agosto abriuse a consulta pública do documento no cal se recolle o estudo de avaliación preliminar de riscos para identificar as ARPSI de Galicia-Costa e hai unhas semanas licitouse a elaboración e revisión da cartografía de inundabilidade correspondente á bacía autonómica, que se levará a cabo o vindeiro ano por un importe estimado de 0,3 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA DÁ LUZ VERDE Á POSTA EN VALOR DA PONTE DE PONTE SAMPAIO, EN PONTEVEDRA E SOUTOMAIOR, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE CASE 500.000€

- O Goberno galego prevé licitar este mes estas actuacións na ponte co fin de poder iniciar a execución dos traballos na vindeira primavera
- O obxectivo desta intervención é realzar a estética desta ponte que une os concellos de Pontevedra e Soutomaior, ademais de garantir a súa conservación
- Levaranse a cabo labores de limpeza dos paramentos e repararase o pavimento existente, repoñéndose as pezas de lastra en caso de ser necesario
- Renovarase a iluminación para que sexa máis funcional e eficiente e realce o valor patrimonial da ponte
- Acondicionarase o contorno próximo da estrada PO-264, eliminando o pavimento asfáltico e dispoñendo un novo enlousado granítico

O Consello da Xunta dálles luz verde ás obras de posta en valor da ponte de Ponte Sampaio, nos concellos de Pontevedra e Soutomaior, que suporán un investimento de case 500.000€.

O Goberno galego prevé licitar este mes estas actuacións na ponte co fin de poder iniciar a execución dos traballos na vindeira primavera. Os traballos contan cun prazo de 6 meses, polo que estarán rematados no próximo outono.

O obxectivo desta intervención é realzar a estética desta ponte que une os concellos de Pontevedra e Soutomaior, ademais de garantir a súa conservación.

Entre os traballos previstos, levaranse a cabo labores de limpeza dos paramentos para mellorar o seu aspecto estético. Posteriormente repararase o pavimento existente e reporase as pezas de lastra en caso de ser necesario.

Tamén se procederá á renovación da iluminación para que sexa máis funcional e eficiente que a xa existente e para que realce así o valor patrimonial da ponte. De xeito máis concreto, no caso da iluminación da calzada para o tráfico rodado e peonil, disporanse 20 luminarias led nos tallamares. Ademais, para embelecer a ponte, colocaranse 36 proxectores led.

Ademais, o proxecto inclúe o acondicionamento do espazo no contorno da estrada PO-264, nos seus treitos inmediatos en ambos os extremos. Eliminarase o pavimento asfáltico existente e disporase un novo enlousado granítico.

Neste contorno tamén se acometerá o axardinamento mediante a plantación de céspede no triángulo flanqueado polo bordo do río e o lastrado do acceso norte, e se acondicionarán os espazos anexos á ponte, á entrada e á saída. Así mesmo, colocaranse unha varanda na zona axardinada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Imaxes do estado actual da ponte e do previsto coa realización das obras:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE AFORRA MÁIS DE 52,5 M€ GRAZAS Á CENTRALIZACIÓN DE COMPRAS DE MATERIAL SANITARIO PARA OS CENTROS DAS SETE ÁREAS

- A Xunta investiu máis de 412 M€ nestas compras desde 2020, que permitiron reducir “o gasto nun 17% de media”, segundo explicou o presidente
- Nos últimos catro anos adxudicáronse 26 novas contratacións de forma centralizada
- Coa centralización da compra de implantes de xeonllo o Servizo Galego de Saúde aforra máis de 14 M€ nun contrato que ascende a 21,9 M€
- Rueda salienta que o obxectivo da Xunta é “optimizar ao máximo os orzamentos” en materia sanitaria

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe que o Servizo Galego de Saúde “aforrou máis de 52,5 millóns de euros desde 2020” grazas a “centralización de compras de material para as sete áreas sanitarias”. O obxectivo, segundo salientou, “é facer un uso axeitado dos fondos e optimizar ao máximo os orzamentos” en materia sanitaria.

O Goberno autonómico investiu máis de 412 millóns de euros en compras conxuntas durante ese período, obtendo un aforro de 52.518.275 euros en compras de material funxible e implantes para os distintos centros da sanidade pública, o que permitiu “reducir o gasto en máis dun 17% de media”.

En total foron adxudicados 41 expedientes, dos cales 26 foron contratos centralizados por primeira vez na busca de conseguir minorar o impacto da suba progresiva de prezos, tanto de materiais como de combustibles.

A calidade técnica do material adxudicado asegúrase xa que, como norma xeral, se establece que a valoración dos criterios técnicos supoña, como mínimo un 50%. Esta puntuación de corte garante unha correcta relación calidade-prezo e impide que posibles licitadores cunha calidade mínima de produto poidan resultar adxudicatarios cunha oferta económica agresiva.

Entre os máis destacados, o acordo marco para a compra de implantes de xeonllo, centralizado por primeira vez, supuxo un aforro dos prezos medios de 14.120.532 euros nun contrato que ascende a 21.968.100 euros.

Do mesmo xeito, grazas a comprar de forma centralizada e non por áreas sanitarias, o contrato para adquirir bombas de insulina e sensores permite aforrar 3.708.278 euros nunha compra por valor de 85.551.698 euros.

En porcentaxe, o maior aforro, cun 67,33 % menos dos prezos medios, logrouse na contratación centralizada de tests de estreptococo. A compra final supuxo 144.187 euros e foi posible aforrar 184.755 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Previsión de aforro de 9,2 M€ máis

Rueda indicou que actualmente, o Servizo Galego de Saúde ten en licitación "11 expedientes" nos cales xa se incorpora un aforro de 9.206.111 euros, o que supón o 1,52%. Na adxudicación final preténdese acadar un aforro potencial dun 12%, xa que se esperan baixadas nas ofertas das empresas licitadoras dunha media do 10%.

Entre as compras centralizadas en fase de licitación encóntranse os sistemas de implantes de columna. Cun importe de licitación de 33,1 millóns de euros, a súa centralización por primeira vez xa supón un aforro de 5,6 millóns.

O plan de compras da Dirección Xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde para o que resta de ano prevé publicar 10 contratos centralizados máis, entre eles, implantes para o tratamento da dor, material de cateterismo, dispositivos para a preservación de órganos en proceso de transplante e filtros, liñas, líquidos e concentrados de diálise.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O 96,8% DA CIDADANÍA GALEGA BENEFÍCIASE DA PLATAFORMA DA XUNTA DE COMUNICACIÓN CO PACIENTE CRM100 QUE PERMITE UNHA ATENCIÓN PERSONALIZADA

- Está implantada en 415 centros de saúde, o que supón case o 99% deles
- A plataforma posibilita a devolución das chamadas recibidas nos centros de saúde nun tempo medio de 37 minutos
- As chamadas devoltas nos últimos tres anos superan os 5,1 millóns
- Desde a súa implantación e ata finais de setembro foron enviadas vía SMS máis de 892.000 enquisas e contabilizáronse 186.000 respostas sobre máis de 20 asuntos
- CRM100 permite enviar notificacións automatizadas para actividades programadas, como citacións para vacinación ou lanzamentos de campañas de información masiva, como o caso dos programas de cribado
- A plataforma establece unha canle de relación dixital cos cidadáns, xestiona de forma innovadora todos os seus contactos co centro de saúde e automatiza e analiza os datos para personalizar o contido, a canle e a frecuencia da mensaxaría
- Esta iniciativa enmárcase na aposta da Xunta por potenciar a atención primaria e situala como eixe vertebrador dun sistema sanitario máis eficiente e mellor, adaptado ás necesidades da poboación e dos profesionais sanitarios

O 96,8% da cidadanía galega xa se beneficia da plataforma tecnolóxica CRM100 posta en marcha pola Xunta, que permite a comunicación entre a cidadanía e o Servizo Galego de Saúde a través de novas canles dixitais.

Así se desprende dun informe que se foi abordado no Consello da Xunta e que avalía a evolución desta ferramenta, que ten por obxectivo mellorar a calidade dos servizos ofrecido pola Consellería de Sanidade.

Entre as prestacións desta plataforma, que está implantada en 415 centros de saúde, o que supón o 98,9% das instalacións do primeiro nivel asistencial, está o feito de dar resposta a toda a demanda de atención telefónica.

Para tal efecto, a CRM100 incorpora un proceso para a xestión das chamadas non atendidas en primeira instancia pola unidade administrativa que permite a identificación do usuario e a posterior devolución da chamada para que ningún contacto se perda.

Cómpre remarcar que o 98,6% dos contactos xerados a través desta plataforma, que comezou o seu despregamento nos anos 2022 e 2023, se resolven no día.

O tempo medio de devolución de chamadas non atendidas en primeira instancia nos centros de saúde é de 37 minutos. Así, o número de chamadas devoltas no mes de outubro é de 233.783 e, nos últimos tres anos, a cifra acada as 5.108.098 chamadas devoltas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Xunto ao anterior, a plataforma CRM100 xa se encontra plenamente implantada como nova canle de participación cidadá na optimización da xestión e na avaliación dos servizos sanitarios e os programas implantados, por medio de enquisas automatizadas.

En concreto, xa leva enviadas, vía SMS, un total de 892.100 enquisas e contabiliza máis de 186.000 respostas sobre máis de 20 asuntos diferentes (COVID persistente, atención domiciliaria, hábitos de vida saudables, plans locais de saúde, etc.).

A CRM100 permite, así mesmo, enviar notificacións automatizadas para actividades programadas, como citacións para vacinación ou lanzamentos de campañas de información masiva, como é o caso dos programas de cribado.

Polo tanto, a plataforma establece unha canle de relación dixital entre o Servizo Galego de Saúde e os cidadáns, xestiona de forma innovadora todos os seus contactos co centro de saúde e automatiza e analiza os datos para personalizar o contido, a canle e a frecuencia da mensaxaría entre ambos.

Visión integral de profesionais e cidadanía

Grazas á CRM100, os profesionais das unidades administrativas dos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde dispoñen dunha visión integral do paciente (citas programadas, recomendacións, etc.) e mesmo da existencia de determinadas condicións especiais, como poder ser a tarxeta sanitaria AA ou a necesidade de transporte, o que posibilita ofrecer un trato personalizado e adaptado nos puntos de atención directa á cidadanía.

O cidadán tamén dispón da información completa do seu perfil na ferramenta tecnolóxica E-Saúde, con datos persoais, información clínica, citas previstas ou recomendacións personalizadas.

A través da CRM100, a Xunta avanza no seu compromiso de fortalecer a atención primaria como eixe vertebrador dun sistema sanitario máis eficiente, adaptado ás demandas actuais da poboación e aos profesionais sanitarios, e nun contexto que permita construír unha relación duradeira coa cidadanía.

A Xunta continúa a traballar nos próximos pasos deste proxecto, previstos para desenvolver no próximo bienio 2025-2026.